

Roberto Vidal B

Un home
de teatro

LETRAS
GALEGAS
2013

B
O
I
C
I
N
O

CURSO DE LITERATURA,
solicitada a homologación á Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria.

DIPLOMA (10 horas)

INFORMACIÓN:
Casa da Cultura “Antón Avilés de Taramancos”
Tif 981824169
Tif 699301481

INSCRICIÓNS: concha.allut@gmail.com

CURSO DE FORMACIÓN DE PROFESORADO
Casa da Cultura “Antón Avilés de Taramancos”
NOIA 3 A 7 DE XUÑO 2013



Concello de Noia



IES Virxe do Mar
NOIA

PERSPECTIVAS DO TEATRO GALEGO ACTUAL

Roberto Vidal Bolaño

Se a perspectiva, ademais da arte de representa-los obxectos nunha superficie plana, é a capacidade para aprecia-lo aspecto que presenta un conxunto de feitos ou de cousas ó seren observados dende unha certa distancia, hei dicir que, a respecto do teatro galego actual e da complexa amazón de relacións que o fan posible hoxe e que con toda probabilidade han determina-lo seu futuro inmediato, carezo desa distancia mínima, tanto no temporal coma no material, sen a que dificilmente nos é permitido abarcar conxuntos de tal natureza na súa globalidade.

Dunha, porque forma parte do meu propio presente e ese presente é cambiante, diverso, complexo, susceptible de ser contemplado dende moi diferentes ópticas ou posicionamentos. E doutra, porque a miña mirada non só se dirixe a unha paisaxe en permanente transformación, que muda a cada pouco, e case sempre baixo o influxo de leis azarosas e imprecisas, senón que o fai dende dentro, dende un curruncho sen perspectiva. Inmerso, pola miña condición de autor, director, actor, produtor, iluminador, escenógrafo, figurinista e público, nesa mesma paisaxe á que me pretendo achegar. Engadamos ó antedito que, ó meu modo de ver, o teatro, entendido na súa forma plena, non é só unha póla máis da literatura senón o resultante da confluencia de polo menos tres xeitos de se relacionar creativamente con el. A saber: a que lle é propia ó autor dende todas e cada unha das formas nas que esa autoría pode darse e na que maiormente residen os seus valores literarios (o que hoxe en día entendemos como escrita dramática); a que lle é propia ó actor e ós demais axentes que de común interveñen na configuración do teatro como feito escénico (ou sexa, directores, escenógrafos, iluminadores, figurinistas, etc.; o que hoxe entendemos por escrita escénica); e a que lle é propia ó público, en canto obxecto do discurso, caixa de resonancia ou rego fartureto no que tanto unha escrita coma a outra se han reflectir ou da que han ser reflexo para ser e saberse vivas.

PROGRAMA

LUNS 3

20:00 **Inauguración.** Lectura Dramatizada.
Roberto Vidal Bolaño: a súa vida
Xosé Manuel Fernández Castro (biógrafo)

MARTES 4

20:00 *Roberto Vidal Bolaño: autor*
Mesa redonda: **Manuel Lourenzo** (autor) e
Xulio Lago (director)

MÉRCORES 5

20:00 *Roberto Vidal Bolaño: director e actor*
Mesa redonda: **Laura Ponte** (actriz), **María Barcala** (actriz) e **Rubén Ruibal** (actor e autor)

XOVES 6

20.00 *Roberto Vidal Bolaño: no audiovisual*
Roi Vidal (autor e biógrafo)

VENRES 7

20:00 *Roberto Vidal Bolaño: as postas en escena*
Camilo Franco (crítico teatral)
Clausura

